



ATENCIÓN: INFORMACIÓN IMPORTANTE RESERVA E MATRÍCULA EN CICLOS FORMATIVOS

Se tes praza adxudicada nos Ciclos Formativos que se imparten no noso centro **deberás proceder á reserva de praza e/ou matrícula** nos mesmos.

1. COMO SEI SE ME ADXUDICARON PRAZA?

A listaxe de prazas definitivas adxudicadas publícase o **20 de xullo**.

Na listaxe non estaredes identificados por nome, senón por un **Código Persoal de Consulta** (CPC). Este CPC pódese obter na aplicación web Ciclosadmision, na parte inferior, onde tedes a ligazón "**Ver Código Persoal de Consulta**". Neste apartado seravos solicitado o voso **DNI** e o **Código de Solicitud**. Este Código de Solicitud é o que aparece nos impresos de solicitude de admisión, na parte superior dereita, debaixo do código de barras.

2. COMO RESERVO? COMO ME MATRICULO?

Se o Ciclo Formativo que queres cursar che foi adxudicado nesta primeira adxudicación, **deberás reservar e/ou matricularte**. Do contrario, perderás a praza!

A reserva e/ou matrícula dos Ciclos adxudicados poderá realizarse **dende o 20 ao 26 de xullo ás 13.00 horas, na primeira adxudicación**.

No noso centro, podes estar nalgún destes dous casos:

- Praza adxudicada nun **Ciclo Formativo en réxime ordinario**: **recomendámosvos que fagades a Reserva a través da aplicación web** Ciclosadmision. A vantaxe deste sistema é que non teredes que pasar polo centro e a formalización da matrícula poderá realizarse máis adiante.
- Praza adxudicada nun **Ciclo Formativo en réxime de persoas adultas**: debido ás particularidades destes Ciclos Formativos onde se poden cursar módulos soltos, podedes reservar en liña na aplicación web Ciclosadmision, pero **en todo caso DEBEREDES ACUDIR AO NOSO CENTRO ANTES DE QUE ACABE O PRAZO da primeira adxudicación (antes do 26 de xullo ás 13.00 horas)**.

Para realizar a reserva: deberedes entrar na aplicación web Ciclosadmision e ir á parte inferior onde aparece unha ligazón a Reserva de prazas adxudicadas/Anulación da reserva



3. QUE PAPEIS TEÑO QUE TER PARA A MATRÍCULA?

1. Impreso de **matrícula** que se xunta aquí.
2. Impreso de **autorización de imaxe** que se xunta aquí.
3. Fotocopia do **DNI**.
4. Fotocopia da **tarxeta sanitaria**.
5. **2 fotos** tamaño pequenas tamaño carné.
6. **Se non presentaches a solicitude de admisión no noso centro**: certificación académica.
7. **Se tes menos de 28 anos**: xustificante de pagamento do **seguro escolar**. O importe do seguro escolar é de **1,12 €**. Deberase ingresar na conta de "Abanca" co número: **ES08 2080 0183 2630 4000 1028**. Debe figurar no resgardo o nome do alumno.

4. CANDO PODO IR AO CENTRO?

Para vir ao noso centro, dadas as circunstancias actuais, agradecemos que reserves cita. Para iso, dinos o teu nome, o día e a hora, na seguinte ligazón web:
<https://outlook.office365.com/owa/calendar/IESMonteCastelo1@iesmontecastelo.onmicrosoft.com/bookings/>

Estaremos encantados de atenderte, **de 09.30 horas a 13.30 horas**.

5. NON SEI COMO FACER, NECESITO MÁIS INFORMACIÓN!

Tedes toda esta información moito máis detallada na seguinte ligazón:
<https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-curso-2019-2020>

Tamén nos podes chamar ao **982 82 82 41** ou consultarnos ao enderezo electrónico ies.monte.castelo@edu.xunta.gal